

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO A RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, MODALIDADE OURIZO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE O PINDO.

Por resolución do 13 de setembro de 2022, esta xefatura territorial convocou un proceso selectivo para a obtención de catro (4) permisos de explotación, modalidade de ourizo a pé para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de O Pindo. Neste proceso esixíase que so se poderían presentar aquelas persoas que contasen cun permiso de explotación a pé (marisqueo xeral, percebe e/ou poliquetos) en vigor e que estiveran incluídas no censo de mariscadores dos plans de xestión da confraría de pescadores de O Pindo, aprobados dentro do Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2022-2024 e que quixeran complementar a súa actividade extractiva con outro recurso específico.

Esta convocatoria establecía un prazo de quince (15) días hábiles, para presentar as solicitudes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, rematando o dito prazo o 06.10.2022.

Na data actual non hai ningunha solicitude presentada, polo que non hai ningunha persoa aspirante afectada.

Co fin de afianzar o número de mariscadores que poidan vivir dos recursos da zona, e mellorar así a súa capacidade económica optouse porque todos os mariscadores de O Pindo teñan a posibilidade de acceder ao máximo número de permisos de explotación.

Posto que xa rematou o prazo de presentación de documentación para obter os permisos de explotación de poliquetos e de marisqueo xeral, as persoas que foron seleccionadas nesas convocatorias poderían desta maneira presentarse á convocatoria do proceso selectivo para obter o permiso de explotación na modalidade de ourizo.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVO:

Deixar sen efecto a resolución do 13.09.2022 desta xefatura territorial polo que se convocou o proceso selectivo para a obtención de catro (4) permisos de explotación, modalidade de ourizo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión do ourizo da confraría de pescadores de O Pindo.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

